

Profesorado en loit@

Copla 1

Se á nosa chamada ti colgas
ti colgas, ti colgas;
se á nosa chamada ti colgas
xa che aseguramos
que **iremos á folga**

Se de humanos é errar
errar, errar;
se de humanos é errar
sabes que **de sabios**
é rectificar

Retrouso

Estimado conselleiro
escoita con atención
os que hoxe aquí viñemos
non estamos de farol;

non queremos outras cousa
que **iniciar negociacións**
así que, querido amigo
ponlle data a esta acción

Copla 2

Para nos é un tema moi vivo
moi vivo, moi vivo;
para nos é un tema moi vivo,
a recuperación
do horario lectivo

E teña sempre moi presente
presente, presente;
e teña sempre moi presente,
o recoñecemento
da función docente

Retrouso

Estimado conselleiro...

Copla 3

Os nenos non caben no patio
no patio, no patio;
os nenos non caben no patio
por non reducires
nas aulas **as ratios**

Medidas, pero de verdade
verdade, verdade;
medidas, pero de verdade
para a **atención á diversidade**

Retrouso

Estimado conselleiro...

Copla 4

Darémolles a vostede as grazas
as grazas, as grazas;
darémolles a vostede as grazas
cun plan que elimine
tanta **burocracia**

Tamén lle daremos un viva
un viva, un viva
tamén lle daremos un viva
se as súas **melloras**
son retributivas

Retrouso

Estimado conselleiro...

Copla 5

E pois de melloras falamos
falamos, falamos;
e pois de melloras falamos
redución horaria
aos cincuenta anos

Se á nosa chamada ti colgas
ti colgas, ti colgas;
se á nosa chamada ti colgas
xa che aseguramos
que **iremos á folga**

Retrouso

Estimado conselleiro
escoita con atención
os que hoxe aquí viñemos
non estamos de farol;

non queremos outras cousa
que **iniciar negociacións**
así que, querido amigo
ponlle data a esta acción

Retrouso

Estimado conselleiro...

O Galo

The musical score for 'O Galo' is written for two staves in 2/4 time. It begins with a treble clef, a key signature of one sharp (F#), and a tempo marking of 'Allegretto'. The score is divided into three systems. The first system (measures 1-8) ends with a first ending bracket labeled '1.'. The second system (measures 9-18) begins with a second ending bracket labeled '2.' and ends with a repeat sign. The third system (measures 19-24) begins with a measure number '20' and includes the markings 'To Coda' and 'D.S. al Coda' above the staff. The piece concludes with a double bar line.

Letra: Bieito Lobariñas

Peza orixinal: O Galo de "Os campaneiros de Vilagarcía"

Intérpretes:

Davide Nogueira: Gaita, Clarinete e Saxofón

Guillermo Ignacio: Requinta, pandeireta e voces

Rubén Monteagudo: Acordeón

Xosé Nogueira: Tambor, Bombo e voces

Bieito Lobariñas: Voces

Xosé Saiáns: Voces

Estudo de gravación: Xonix Records

Productor e técnico de son: Lolo Arincón.